


# Bases constitucionais para a participación da nación galega nun pacto federal e de goberno provisorio galego

Galicia  
1976



# Cataloguing data

**Title (English)**

Constitutional Terms for the Galician Nation to participate in a federal agreement and a Provisional Galician Government

**Title (original language)**

Bases constitucionais para a participación da nación galega nun pacto federal e de goberno provisorio galego

**Author(s) (Person(s))**

Orxajes Pita Mario, Beiras Torrado Xosé Manuel Hixinio, Vilas Nogueira José (Xosé), Fontenla Rodrigues Xosé Luís, Nogueira Román Camilo

**Author(s) (Association(s))**

Consello de Forzas Políticas Galegas (C.F.P.G.) Santiago de Compostela (ES) Partido Galego Social Demócrata Santiago de Compostela (ES) Union do Pobo Galego (UPG) Santiago de Compostela (ES)

**Date and place**

04-1976

**Region(s)**

Galicia

**Language(s)**

Galician

**Type of document**

Policy proposal

**Reference Code**

GZ0009

**Keywords**

federalism, self-government, self-determination

## Context

An alternative put forward by Galician nationalists for a political break with the Franco regime and aimed at setting up a legitimate political power in Galicia that would be responsible for overseeing the process of democratic transition leading to the constitution of a federal pact for the Galician nation within the Spanish state.

## Abstract

A general outline of the principles and objectives that should preside and direct, respectively, the design of a development policy for Galiza and, more specifically, the development of its productive structure, with the vision that has the Galician Council of Political Forces (CFPG). The democratic bankruptcy happens in Galicia, on the approach of a Galician political alternative. And it is not enough to formulate it in the abstract, is needed to provide it with specific minimum content.

**Primeira.-** Conforme ao principio de autodeterminación nacional, a soberanía política na Galiza correspóndelle ao pobo galego.

**Segunda.-** Un Goberno asumirá a representación e o exercicio do poder político no territorio da Galiza, en tanto non se establezan as institucións políticas definitivas, no correspondente proceso constituínte.

**Terceira.-** O Goberno Galego só responderá da súa xestión ante o pobo galego, titular da soberanía política, e a súa actuación terá como principios irrenunciábeis os consignados nas seguintes bases:

## Da participación nun pacto federal español

**Cuarta.-** A participación da nación galega nun pacto federal español terá de se axustar ás condicións mínimas seguintes:

I.- O pacto federal ten de ser concluído sobre do principio da negociación no plano da igualdade dos representantes lexítimos dos pobos das diversas nacións hoxe integradas no Estado español, segundo veñan determinados polos respectivas procesos constituíntes.

II.- O pacto federal non poderá reducir as facultades de autoorganización e autogoberno da nación galega, agás nos aspectos libremente consentidos polos seus lexítimos representantes no devandito pacto.

III.- Os órganos federais que se establezan, tanto lexislativos, como executivos e xudiciais, integraranse sobre a base da representación por nacións, en igualdade numérica, independentemente da poboación e territorio de cada unha delas.

IV.- Non se poderá tratar de relativizar o peso político das nacións nos órganos federais mediante a concesión de igual representación neles ás rexións integrantes de calquera das nacións. Tal cousa non impedirá que calquera das nacións, na súa organización interna, poda outorgar autonomía ás rexións ou provincias que a constitúan.

V.- A eventual integración da Federación en organismos supranacionais, de carácter político ou económico, deberá ser referendada polos lexislativos de tódalas nacións federadas.

**Quinta.-** Os recursos económicos da Federación virán constituídos por:

**I.-** Achega de cada unha das nacións federadas, sobre do criterio de potencialidade económica respectiva e da solidariedade federal.

**II.-** Os rendementos daquelas actividades susceptíbeis de proveito económico que a Federación asuma en exercicio de competencias que lle sexan recoñecidas no pacto federal.

**III.-** Os recursos fiscais expresamente previstos no pacto.

**Sesta.**- Serán competencias federais as referentes a asegurar a relación entre as distintas nacións integrantes da Federación e a defensa e relacións exteriores; en particular:

- I.- Forzas armadas de carácter militar: exércitos de terra, mariña e ar.
- II.- A representación exterior da Federación: servizos diplomáticos e consular. Conclusión de acordos internacionais.
- III.- Declaración de guerra e acordo da paz.
- IV.- Política monetaria e arancelaria.
- V.- Coordinación das políticas económica e fiscal das nacións federadas.
- VI.- Réxime xurídico da administración federal.
- VII.- Lexislación Penal.
- VIII.- A administración de xustiza nas materias en que a lexislación sexa de competencia federal.

**Sétima.**- As competencias federais non poderán ser ampliadas por medio da interpretación xudicial de poderes implícitos nelas. As competencias non atribuídas expresamente á Federación ficarán reservadas ás nacións integrantes.

**Oitava.**- A competencia federal sobre as forzas armadas abranguerá ás forzas de carácter estritamente militar. As forzas paramilitares de orde público serán de competencia das nacións federadas. Os mozos chamados a recrutamento forzoso terán de facer o seu servizo militar no territorio da Galiza. O persoal militar designado para empregos que supoñan “cargos de confianza”, a exercer no territorio galego, deberán obter o referendo do Goberno Galego. Toda alteración substancial da dotación ou organización militares no territorio galego, e a realización das manobras militares non de rutina no mesmo, deberán ser postas previamente en coñecemento do Goberno Galego. En caso de guerra co exterior declarada formalmente pola Federación, os órganos federais correspondentes poderán prescindir do disposto nos tres últimos parágrafos.

**Novena.**- A Federación ten de conceder intervención aos órganos nacionais galegos correspondentes na negociación de acordos con outros Estados ou organismos internacionais sobre pesca, en augas internacionais ou territoriais doutros países, sobre réximes de emigración e cantas cuestións afecten fundamentalmente aos intereses da nación galega.

**Décima.**- A competencia federal sobre política monetaria enténdese sen prexuízo das competencias nacionais galegas de ordenación financeira, especificada na base 17a.

**Undécima.**- Serán competencias nacionais galegas:

- I.- A autoorganización política e o autogoberno, segundo determine a vontade constituínte do pobo galego, sen outros límites que os previstos na base 4a, II.
- II.- O réxime xurídico da Administración galega.
- III.- O réxime electoral.

- IV.- A determinación dos nacionais galegos.
- V.- O réxime xurídico das liberdades públicas.
- VI.- A lexislación penal.
- VII.- O mantemento da orde pública, a declaración de estados de excepción.
- VIII.- A política económica e a planificación da economía.
- IX.- A política fiscal.
- X.- O Dereito civil, mercantil e de traballo; a regulamentación da Seguranza Social.
- XI.- A Administración de xustiza nas materias en que a lexislación sexa de competencia nacional galega.
- XII.- O rexistro civil e o notariado.
- XIII.- O réxime urbanístico e a ordenación do territorio.
- XIV.- A política cultural e educativa.
- XV.- A política sanitaria.
- XVI.- A política de transportes e de comunicacións .

**Duodécima.-** A determinación do carácter federal ou nacional de competencias non previstas nestas bases fica remitida á negociación do pacto federal, pero unha vez concluso, aterase ao determinado na base 7<sup>a</sup>.

A asignación de calquera competencia aos niveis federal ou nacional abranguerá necesariamente a lexislación e a execución sobre a materia determinada; con todo, a Federación, previo acordo co Goberno Galego, poderá delegar en órganos nacionais a execución en materias competencia daquela.

**Décimo terceira.-** O idioma oficial da nación galega é o galego.

Nas relacións oficiais dos órganos públicos galegos cos da Federación empregárase o idioma oficial da Federación.

Os órganos federais que actúen no territorio galego, nas súas relacións cos administrados estarán obrigados a empregaren o idioma galego, agás requerimento expreso en contra da parte do administrado.

**Décimo cuarta.-** Para o mantemento da orde pública no territorio da Galiza crearase unha Garda Nacional e un Servizo de Policía Nacional.

Serán fins da Garda Nacional:

- I.- Exercicio das funcións da policía gobernativa, xudicial e fiscal.
- II.- Colaboración na defensa pasiva civil.

Os órganos nacionais galegos ditarán a normativa reguladora das policía municipais.

**Décimo quinta.-** O réxime xurídico das liberdades públicas abranguerá a regulamentación dos dereitos de xuntanza, manifestación, asociación política, sindical e relixiosa, e a regulamentación dos medios de comunicación.

Este réxime non poderá ignorar ou lesionar os dereitos recoñecidos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos da ONU.

**Décimo sexta.-** A competencia nacional galega de política e planificación económica implicará, en particular, as facultades seguintes:

- I.- Elaboración e xestión do plan económico nacional.
- II.- Nacionalización das fontes de riqueza existentes no territorio galego.
- III.- Ordenación da produción económica e da súa comercialización.

IV.- Ordenación das institucións financeiras que operen en territorio galego; creación dun sector bancario nacionalizado.

**Décimo sétima.**- A competencia de ordenación financeira, en particular, a facultade de fixación de cotas de liquidez e inversión, e de fondos obrigados de reservas e inversión, para todas as entidades que operen na Galiza no terreo financeiro, aínda que sexan sucursais de entidades non galegas.

**Décimo oitava.**- A nación galega poderá emitir débeda pública e o Goberno poderá concertar operacións de tesourería.

**Décimo novena.**- A competencia nacional galega sobre do ensino abranguerá todos os graos e niveis, calquera que sexa o carácter dos centros que o impartan. O ensino impartirase en galego, en todos os seus graos e niveis, se ben, atendida a existencia de sectores de poboación español falante, o Goberno galego obrígase a establecer escolas primarias en número suficiente para recoller os nenos procedentes daqueles sectores, nas que o ensino se impartirá en español, con vistas á integración harmónica dos mesmos na comunidade cultural galega.

**Vixésima.**- Os activos e pasivos públicos afectados a servizos que pasen a ser competencia nacional galega integraranse no patrimonio público galego. Unha comisión paritaria dos Gobernos federal e nacional galego determinará as modalidades da transferencia. Esta disposición aplicarase tamén á Seguranza Social.

**Vixésimo primeira.**- Unha Comisión paritaria do Goberno provisorio galego e o Goberno español establecerá as modalidades concretas de coordinación das súas xestións respectivas, sobre o principio de aceptar como criterio orientador o previsto para o pacto federal. Esta Comisión determinará concretamente, e en cada momento, e mentres se estenda o período provisorio, as alteracións que respecto do réxime federal veñan impostas temporalmente.

**Vixésimo segunda.**- Na medida en que o Goberno provisorio galego asuma o exercicio efectivo das competencias nacionais galegas, os órganos públicos españois radicados no territorio da Galiza, pertencen á Administración territorial ou institucional do Estado, ou á Administración provincial, e afectados ao desenvolvemento daquelas competencias, pasarán a depender do Goberno galego. Os funcionarios titulares ou afectados ao servizo dos devanditos órganos conservarán a súa categoría profesional, salvo expediente de responsabilidade política, instruído coas debidas garantías.

**Vixésimo terceira.**- A transferencia patrimonial prevista na base 20ª virá imposta automaticamente para os servizos que asuma efectivamente o Goberno provisorio galego.

**Vixésimo cuarta.**- En tanto o Goberno provisorio galego non asuma efectivamente a súa competencia fiscal, o Goberno español obrígase a facilitarlle os recursos económicos que se viñesen empregando nos servizos correspondentes, competencia do Goberno galego.

A determinación do monto económico da transferencia de recursos axustarase aos criterios seguintes:

I.-Proporcionalidade da poboación galega á do enteiro Estado español no último censo oficial aprobado.

II.-Media das previsións de gastos, nos dous últimos orzamentos aprobados, para cada rúbrica do Orzamento do Estado español afectada a servizos da clase dos asumidos polo Goberno Galego.

III.-Globalización das cantidades referidas no apartado II, aplicándolle o coeficiente proporcional previsto no apartado I.

Unha Comisión paritaria especial do Goberno español e do Goberno provisorio galego asegurará periodicamente a concreción da transferencia, de acordo cos criterios expresados.

**Vixésimo quinta.**- En ningún caso o Goberno provisorio galego ficará vencellado polas asignacións previas feitas no orzamento español, sendo da súa exclusiva competencia a distribución dos recursos das súas atribucións.

**Vixésimo sexta.**- Constituirase unha comisión paritaria especial do Goberno provisorio galego e o Goberno español e, eventualmente, os demais gobernos nacionais ibéricos, a efectos da determinación das políticas fiscal, monetaria e arancelaria, en tanto non se establezan os órganos federais correspondentes. O Goberno Galego non recoñecerá lexitimidade ás disposicións que nestas materias adopte o Goberno español sen o consenso dos seus representantes na comisión aludida.

**Vixésimo sétima.**- Nesta etapa provisoria serán cooficiais no territorio da nación galega os idiomas galego e castelán. O Goberno provisorio adoptará as medidas precisas para facilitar a implantación do réxime definitivo nesta materia, prevista na base 13ª.

**Adicional.**- Sen prexuízo de facer efectivas todas as competencias que lle correspondan consonte estas bases, o Goberno provisorio considera imprescindíbel reparar no mesmo momento da súa proclamación os espolios máis patentes feitos en prexuízo das clases traballadoras galegas.

GALIZA, Abril, 1976

Diliname is a digital library dedicated to preserving, disseminating, and providing access to historical documents that shaped key moments of the XIX and XX century. It aims to offer historical context for contemporary political and institutional developments.

Discover new docs at [www.diliname.eu](http://www.diliname.eu)